



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

CASA – MUSEO
MANUEL MARÍA



XUNTA
DE GALICIA

Manuel María xornalista

Manuel María periodista: escribir como quen fala

Antes de editar o seu primeiro poemario [*Muiñeiro de brétemas*, en 1950], Manuel María xa escribía para a prensa, nunha relación que se mantivo [ininterrompida] ao longo de 55 anos. Os seus artigos non só apareceron na maioría das cabeceiras galegas [*El progreso*, *El Pueblo Gallego*, *La Noche*, *La Región*, *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego* ou *Vida gallega*] senón tamén nas españolas [como *ABC*] e numerosas publicacións americanas, en especial de Bos Aires. Por paradoxal que hoxe poda parecer [pero como síntoma da situación que se vivía na ditadura], empregaba maioritariamente o castelán nos traballos para Galicia [por cuestións de censura] e o galego para os que aparecían no exterior. Son case 1.500 artigos, concentrados desde o punto de vista cuantitativo en *A Nosa Terra* [semanario co que colaborou de 1977 a 1988] e en *El Correo Gallego*, ao que estivo vencellado a partir de 1989. O seu derradeiro texto escribiuno uns días antes de morrer, no cuarto do hospital no que estaba ingresado.

En realidade, Manuel María [Outeiro de Rei 1929, A Coruña 2004] estivo a punto de ser un profesional dos medios e non precisamente dos medios escritos. Empezou a súa traxectoria ao acabar o servizo militar, nas instalacións de **Radio Lugo**. Alí deixou patente, por uns meses, a eficacia da súa voz, profunda e ao tempo acarreadora, facultade que aproveitaría logo nos seus multitudinarios recitais. Porén, aínda que a radio o atraía, o traballo na emisora de Lugo desagradáballe porque ademais de ler a publicidade ante o micrófono tamén debía antes buscala polos comercios. El non servía para iso. Deixouno e presentouse aos exames de procurador de tribunais por consello de Celso Emilio Ferreiro, procurador tamén. Tampouco é que aquela profesión lle gustase demasiado, pero necesitaba un soldo [unha garantía de estabilidade económica] se quería casar con Saleta Goy, rapaza á que acababa de coñecer. Namorárase dela dun xeito irreversible. Despois de aprobar os exames, aínda andou somerxido nas dúbidas: non se decidía polo lugar onde coller praza. Nese tránsito, coñeceu na cerimonia dos xogos florais de Lugo [1957] a César Quiroga, un falanxista leonés que acababan de destinar a Monforte para poñer en marcha a radio local. A conexión entre ambos foi inmediata. Manuel explicoulle a situación na que se atopaba e César Quiroga, con resolución cómplice, aconselloulle instalarse en Monforte de Lemos, onde el se comprometeu a buscarlle un traballo de mestre nunha academia e a darlle cabida como colaborador na emisora. Unha semana despois, entusiasmado co seu novo amigo, César Quiroga propúxolle ser o xefe de programas de **La Voz de Vigo**, unha frecuencia a punto de inaugurarse dentro da Cadea de Emisoras Sindicais (CES). Manuel aceptou de inmediato, tanto polo gorentoso soldo [6.000 pesetas] como polo feito de instalarse en Vigo, onde residía Celso Emilio Ferreiro, poeta ao que el e Saleta admiraban de xeito sobranceiro e co que mantiñan unha estreita amizade. Ao final, porén, Manuel debeu rexeitar a oferta porque lle esixían sacar o carné do Movemento e iso era algo ao que non estaba disposto. É entón cando se traslada a Monforte [setembro de 1958]. Alí, ademais de procurador e mestre na academia Balmes [foino ata 1970], colabora de xeito habitual coa radio da cidade, tamén pertencente á CES. Durante varios anos encárgase da área de libros e literatura.

A súa relación coa prensa escrita será especialmente intensa a partir dos anos setenta, en que se funda **A Nosa Terra**. O semanario dirixíao inicialmente Margarita Ledo Andián [persoa moi próxima ao poeta] e estaba impulsado, ademais, pola Unión do Pobo Galego (UPG), partido no que el militaba desde a súa formación [abandonouno en 1985]. Cada semana, baixo o alcume de Manuel Hortas Vilanova, entregaba un artigo que, en certo modo, funcionaba como un editorial no que el avaliaba situacións puntuais e propuña como corrixilas. Noventa destes artigos foron escolmados por Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo en *Andando a terra* (1990), volume que reúne traballos “puramente literarios: os que tratan de Galicia e das viaxes ao estranxeiro”, se ben el botaba en falta “a serie dedicada aos tipos pintorescos de Monforte, Ourense, Compostela, Outeiro de Rei e Lugo”, segundo subliña no libro *Conversas con Manuel María*, de Xosé Manuel del Caño. O poeta posuía [segundo salientou Darío Xohán Cabana na súa *Nota necrolóxica* do Boletín da RAG] “unha capacidade case milagrosa de conversar e facerse querer polos que chamaba *tolíños*, os diminuídos psíquicos que adoraban a aquel señor tan intelixente que os trataba de igual a igual, e non por deliberación, senón dun xeito que lle era natural e espontáneo”.

No primeiro artigo de **A Nosa Terra** [no número cero] fala de Betanzos, ao que lle seguirán *O pintoresco Grupo Poético Amanecer* da Coruña [vinculado ao Frente de Juventudes da Falanxe], as Penas Rodas de Outeiro de Rei ou as pinturas murais de Seteventos, nas Terras de Lemos. Estes traballos iniciais son fiel reflexo dos ámbitos temáticos nos que o escritor se vai mover ao longo das décadas seguintes: a descrición das múltiples facianas de Galicia, as pegadas das forzas colonizadoras, o paraíso da Terra Cha e as vivencias de Monforte de Lemos, na que escribiu a maior parte da súa obra. Non faltarán algunhas análises políticas e, por suposto, a súa radical defensa do galego como lingua propia, garante do futuro da nación e testemuño do seu pasado.

Manuel [asegura o periodista Alfonso Eiré, director de **A Nosa Terra**] estaba dotado para o periodismo: posuía a ansia de loitar contra esquecemento, as habelencias do comunicador e o afán de facerse entender [“Non escribía desde unha torre de marfil”]. Outra das cualidades que tiña era “achegar o dato preciso”. A importancia que lle daba aos medios de comunicación queda patente no seu compromiso co semanario, do que foi un dos 11 accionistas fundadores e un elemento activo na posta en marcha do proxecto. O escritor, engade Eiré, “está presente nas reunións e a súa achega á hora de fixar a lingua apropiada aos distintos campos é fundamental, como o é a súa visión do que deben ser as páxinas do Guieiro” cultural.

No exercicio do periodismo, tiña dúas teimas. Unha era escribir para que o entendesen todos, “os parvos e os listos: Non é máis listo o que escribe máis hermético, senón macis vaidoso” [lembra Eiré que lle dicía]. Como mostra desta obsesión, conta unha anécdota: no outono do 1977, os redactores do semanario e mais el discutían os termos correctos a empregar nas crónicas deportivas. “O Manuel”, explica Eiré, “dicialle ao Darío Xoán Cabana, que non había que retorcer moito os miolos, *só é cuestión de ter presente aos brasileiros e escoitar como falan nas tabernas*. Ao Manuel chegáballe a hora de comer, puntual coma sempre para estas cousas, e propuxo dar por rematada a reunión para ir comer un cocido a Palas [porque], alí, na fonda do Xosé da Curva, se fala moito e moi ben de fútbol”.

A outra teima pasaba pola recuperación da memoria: “este periódico”, proclamaba Manuel sobre a orientación de **A Nosa Terra**, “ten que servir para todo. Pero non poderemos facelo se non o asentamos na base sólida do noso pasado. Para facelo, temos que buscar nos propios nosos cimentos, rescatar as nosas pedras baseares do esquecemento”. A súa sección **Andando A Terra** converteuse, en palabras de Eiré, nun instrumento de recuperación da memoria histórica e nunha crónica do propio país “a través da Contemporaneidade dos homes e da terra. [...] É esta, sen dúbida, unha das obras literarias cumio de Manuel María, comparábel pola súa calidade cos mellores artigos xornalísticos de García Márquez, aínda que Manuel afirme que tratou de escribir *co mínimo peso literario, coma quen fala, facendo unha crónica de impresións moi subxectivas*”.

En **El Correo Gallego** [con artigos que contaban xa cunha remuneración económica], Manuel María amplía os seus campos de interese e requinta a súa linguaxe xornalística, se ben os seus temas predilectos seguirán inalterables: a normalización lingüística, o colonialismo español, as nostalxias da Terra Cha e as vivencias cotiás na comarca lemava. Non faltan as críticas frecuentes á Academia Galega, como fixo no seu primeiro artigo para o rotativo compostelán, dirixido por outro monfortino co que o escritor compartira micrófono en Radio Monforte, Xosé Manuel Rey Nóvoa. E é que, en contra do que podería pensarse, nos seus traballos para **El Correo Gallego** a súa posición política non resulta menos evidente que nos aparecidos en **A Nosa Terra**.

Cos artigos publicados en ambas cabeceiras, a Casa Museo do escritor acaba de publicar unha antoloxía de 56 textos [preparada por Xosé M. Pérez Álvarez e Fran Rei García] que abrangue a súa produción entre 1977 e o 2004. A temática predominante, apuntan os encargados da edición, é “unha Galiza que o escritor trata desde múltiples perspectivas, desde a económica, histórica, cultural, política e literaria até a festiva ou a paisaxística, vinculando a identidade propia do país coa historia e a cultura universal. Dentro desta temática, [...] é de salientar o *leit-motiv* do 25 de xullo, Día da Patria, posiblemente o asunto ao que lle ten dedicado un maior número de artigos”.

Trátase, en palabras do propio Manuel María, dun “afervorizado, esperanzado e unitario clamor de amor Galicia”, pero tamén dun “irreprimíbel berro de amor desesperado: Algo así como un ouveo solitario no medio da escura noite”.